

Terras de noso

Catro roteiros literarios

ESTRO MONTAÑA

Edicións A Nosa Terra vén de entregarnos unha achega de catro volumes: *Terras de Compostela*, de Marilar Aleixandre; *A Terra do Medio*, da man de Xosé Vázquez Pintor; *Terra de Iria*, asinado polo poeta de Manselle, Anxo Angueira; e *Baixo Miño*, de Marta Dacosta. Trátase de catro libriños cheos de rigor e de fonda sentimentalidade. Marilar Aleixandre guíanos por unha Compostela antiga, plenamente harmónica coas aportacións de Álvaro Siza, César Portela, César Coll ou Helio Piñón, que viñeron deixar a súa pegada ao lado de recoñecidos arquitectos coma Domingo de Andrade, arquitecto

ros do aire, todos eles épicos visionarios de Lalín, labregos orgullozos que conservan as cantigas que namoran aos poetas, memoria de feiras, de grandes fragas e pedras humildes. O seu é un recordo de tempos pobres, onde había unha riqueza que xa se perdeu.

Da Iria dos cóengos chéganos a palabra de Anxo Angueira, que fai un exercicio de contención nun texto sobrio. Envolto na bandeira rosaliana, a pé ou en coche, Angueira é un claro exemplo de que a mellor viaxe é a de quen viviu de cerca a realidade, a do que, unha vez lonxe, sentiu a nostalxia da terra e logo volveu para face-

la súa plenamente. Toda a riqueza histórica, arqueolóxica, literaria, todos os detalles e matices da natureza están neste texto que nos fala do río, dos pescadores en meco ou buxo que balaban na dorna, dos labregos que sementan a terra mentres outros pasean entre brancas camelias, dos

seres anónimos que desde os seus traballos procuraron cambiar a Historia.

E sobre o Baixo Miño, Marta Dacosta ofrécenos unha guía moi actualizada con citas de Manuel Forcadela, Álvarez Blázquez, ou Eliseo Alonso. É o seu un estudo no que non falta unha análise crítica das forzas destrutoras da paisaxe, unha reivindicación dos lazos que unen as dúas beiras do "pastor de ríos", e unha análise moi suxestiva do patrimonio que gardan as ribeiras miñotas.

DACOSTA, Marta, Baixo Miño, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2009, PVP 7,80 €

barroco con obras tan sobranceiras coma a Casa da Parra ou a Torre do Reloxo, tan amada por Cunqueiro. Estamos nun territorio estremecido de emoción pola sombra de Xelmírez, de Urraca, de Rosalía...

O verbo aceso de Vázquez Pintor, que ten versos esculpidos en pedra sacra, ao carón dunha fermosa igrexa de Melide, lévanos polas terras do centro xeográfico de Galicia. Con el volven a nós o arrecendo do viño, as chairas de centeo, as mazorcas esfoladas con riso e moito traballo nas noites de invernia. Vellosoficios, mosteiros, científicos e cabalei-

